



**POR UN SISTEMA PÚBLICO  
GALEGO DE SERVICIOS  
DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS**



**Confederación Intersindical Galega**



**Confederación Intersindical Galega**

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)



# Por un Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas



Confederación Intersindical Galega

Desde a CIG levamos anos denunciando a situación, tanto laboral como asistencial, das Residencias da Terceira Idade, dos Centros de Día, dos Centros de Atención á Diversidade, dos Servizos de Axuda no Fogar... servizos que o goberno do PP na Xunta ven desmantelando e privatizando para facer deles un novo negocio a costa das persoas máis vulnerábeis.

**A** CRISE sanitaria derivada da pandemia do COVID-19 puxo máis de manifesto ca nunca a necesidade de poñer os coidados na prioridade das políticas públicas, e por tanto, a urxencia de investimento público en servizos de atención ás persoas.

Durante esta crise sanitaria evidenciouse a ineficacia da prestación de servizos de atención social e de coidados por parte das empresas privadas. Nos servizos de axuda no fogar ou nas residencias da terceira idade e de persoas con discapacidade son manifestas as carencias de persoal e material, falla de protocolos homoxéneos de funcionamento nestes centros, abusos patronais e importantes niveis de explotación laboral e precariedade existentes. Explotación e precariedade que, ademais, teñen unha compoñente de xénero neste caso.

Os servizos públicos son a única garantía para unha atención digna ás persoas de idade, e ás persoas dependentes ou con diversidade funcional, debendo asumir directamente a Administración Pública Galega as súas

competencias na atención ás persoas vulnerábeis, xa sexa por idade, pola súa discapacidade ou dependencia. Non é de recibo, e supón unha auténtica barbaridade, que os coidados e a saúde destas persoas vulnerábeis sigan gardando relación cos beneficios e flutuacións en bolsa dos fondos de investimento, multinacionais ou fondos voitre que están detrás das concesionarias destes servizos públicos.

Ademais, estas reivindicacións son a resposta urxente e xusta ante a necesidade de afrontar unha das manifestacións máis visíbeis da realidade galega: crise demográfica, aumento constante da poboación maior, elevada dispersión dos núcleos de poboación (maioritariamente de idade avanzada), e precaria capacidade adquisitiva das pensións públicas, especialmente no caso das mulleres.

A CIG defende a xestión directa polas Administracións Públicas de todos os servizos públicos. Os recursos e servizos sociais de atención ás persoas teñen que deixar de ser unha

actividade socialmente pouco valorada e con condicións de traballo precarias, para pasar a ser considerados servizos esenciais para a cidadanía a prestar pola Administración Pública en condicións de calidade asistencial para as persoas e con condicións de traballo dignas e estables para o persoal encargado dos coidados.

Por iso, **desde a CIG propoñemos a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas**, integrado por unha única rede pública que preste os seguintes servizos:

- Centros asistenciais e residenciais da terceira idade
- Centros de día
- Centros de atención á diversidade
- Servizos de Axuda no Fogar
- Outros recursos: Casas Niño, Casas do/a Maior, Xantar na Casa, Transporte Adaptado...
  - Estes servizos estarán dotados suficientemente tanto de infraestruturas e material como de recursos humanos.
  - Dignificaranse as condicións laborais

e salariais de todo o persoal coa aplicación do mesmo convenio colectivo.

- Nomeadamente, incorporaranse a esta rede pública todos os actuais Servizos de Axuda no Fogar (SAF) e iniciárase a negociación cos axentes sociais dun convenio colectivo único que recolla unhas condicións laborais e salariais dignas.
- Na prestación de servizos ás persoas beneficiarias, priorizárase a atención a través desta rede de recursos públicos, antes que as axudas económicas.
- Eliminaranse todo tipo de repagamentos na atención e coidados, mediante a aprobación dunha carteira de servizos e prezos públicos.
- Incrementaranse e adecuaranse os orzamentos públicos destinados a este fin, así como aqueles dirixidos á promoción da autonomía persoal e o envellecemento activo.
- Exixírase a transferencia para Galiza de todas as competencias e recursos públicos para desenvolver, aplicar e ampliar a Lei de Dependencia.